

MARCADO DE PEZAS, ÚTILES, SIGNOS E PLANTILLAS

Unha das maneiras que hai para asegurar un bo traballo é pensar moi ben na distribución do material, asegurándonos de que cada peza quede ben marcada e numerada.

Hai tres fases de marcado de pezas:

1. **Marcado de pezas para despezado.**
2. **Marcado de pezas para mecanizado.**
3. **Marcado de pezas para montaxe.**

1. Marcado de pezas para despezado.

1.1. Selección da madeira ou taboleiro.

Facendo uso da lista de despece comezaremos seleccionando o material do cal imos sacar as pezas. Teremos en conta:

- **Dimensións da táboa ou taboleiro.**

Escolleranse as pezas co mellor aproveitamento posible nas tres dimensións, comezando a marcar as pezas máis longas e seguindo a continuación co resto , sempre de maior a menor co fin de facer un aproveitamento óptimo do material. Deixando espazo para a serra e cepillado.

- **Defectos:**


A non ser que o moble sexa de estilo rústico e queiramos que teña defectos, evitaremos empregar pezas con nudos, fendas, alabeos, resinas, diferencias de coloración, depósitos (cristalinos, minerais) aceboladuras (capas de madeira separadas), fungos, carcoma, etc.

1.2. Marcado de longos.

Se o número de pezas é elevado, marcaríamos unha soa peza e con ela, axustaríamos os topes das máquinas tronzadoras co que evitaríamos marcar cada unha das pezas aforrando tempo neste proceso.


1.3. Marcado de anchos.

Igual ca no caso anterior, cando hai varias pezas do mesmo ancho a cortar bastará con marcar unha e poñer a guía lateral da máquina á distancia necesaria para obter as pezas ó ancho que necesitemos, aforrando deste xeito o tempo de marcado de todas e cada unha delas.



1.4. Marcado con modelos.

Cando o moble teña pezas curvas ou con formas especiais, farase un modelo ou patrón para marcalas e posteriormente recortalas na serra de cinta.



- Útiles de marcado: regra, escuadro e modelos principalmente.


2. Marcado de pezas para mecanizado.

2.1. Marcado de caras mestras.

Marcaranse as caras, cantos e testas de referencia segundo se necesite en cada caso, co fin de realizar o mecanizado no **canto, cara ou aresta** que consideremos máis axeitada as nosas necesidades.

2.2. Marcado de caixas e da 1ª peza ou de proba.

2.2.1. Marcamos primeiro nunha peza maestra as caixas na fronte, costados e traseira, no segundo proceso marcamos todas as pezas á vez (ver debuxo). Estas marcas pásámolas tamén para as caras exteriores (**fronte, costados e traseira**) co fin de comprobar á hora de montar, que os travesas están situados **entre as liñas** e no lugar que lles corresponde





2.2.2. Marcamos o ancho real dos **espigos e cabicotes**, tendo en conta ademais, que a **profundidade das rañuras** cando haia entrepaños, fará que teñamos que reducir **na mesma medida o ancho da caixa**.

2.2.3. Marcamos o **groso** e separación da caixa con respecto as caras mestras. Marcase só unha peza, xa que unha vez posta a altura na escoupradora, tódalas caixas irán á mesma distancia da cara mestra, co que sería unha perda de tempo marcar tódalas caixas en tódalas patas.

2.2.4. Caixeadado das pezas. As caixas fúranse apoiando **sempre** a cara mestra na mesa da escoupradora.

2.3. Marcado de espigos e da 1ª peza ou de proba.

Coa axuda do gramil e apoiando a súa base **na cara mestra** axustaremos as puntas do gramil ó grosor da caixa para posteriormente, marcar o grosor do espigo na **peza ou travesa de proba**.



É moi importante **marcar exactamente** e sen cometer erros **unha peza de proba**.

2.4. Mecanizado.




Axústanse as guías e topes da máquina ata que as liñas de marcado da peza de proba, queden situadas á medida que necesitamos, mecanizamos e comprobamos a exactitude. Só despois desta comprobación poderemos mecanizar o resto dos espigos.

Útiles de marcado: escuadro, gramil, compás e falso escuadro principalmente.


3. Marcado de pezas para montaxe.

Para o marcado das pezas na montaxe empregaranse os signos que a continuación se mostran:


Representación dos signos de marcaxe nunha porta, largueiros, travesaños e peinazos.





Marcaxe de patas: frente, costados derechos, izquierdos e traseira.




Signos de marcaxe en portas e marcos.







1 Señale la cara buena




2 Señale el canto bueno




3 Marque el grosor con un gramil



4 Cepille hasta las líneas



5 Marque la anchura



6 Dé las medidas exactas

